

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Alberto Vilanova Rodríguez, a Luís Seoane do 07/01/1971**

**Colección:**

**Data:** 07/01/1971

**De:**

Alberto Vilanova Rodríguez;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixo:**

Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Mencionados:**

Eduardo Blanco Amor; Laxeiro; Juan Martín; Fernando Martínez-Monje; Xosé Núñez Búa; José Suárez; José Villamarín Prieto;

---

## **Transcrición da epistola de Alberto Vilanova Rodríguez, a Luís Seoane do 07/01/1971**

Ourense, 7 de xaneiro de 1971

Sr. D. Luis Seoane  
Bós Aires

Meu querido amigo:

Fai tempo que pensaba escribirche, mais unha iñorme cantidade de problemas e dificultás que teño ido padecendo, debido principalmente a unha especie de bloqueo económico –pois non é nada fácil recibir xiros de ehí– foron retrasando os meus desexos de comunicarche algunhas impresións.

Estiven máis dun mes en Madride traballando no Arquivo Histórico Nacional, no de

algunhas Rs. Academias e na Hemeroteca Municipal, logo fun dez días a Pontevedra, e con moito traballo fun conquerindo bastante documentación. Agora penso dentro dunha semana trasladarme á Cruña e Compostela, verei si me podo chegar a Lugo e Tui, e de inmediato retornar a Madride pra rematar isto rebusco e voar a fins de febreiro pra isa cidade. Os horarios eiquí son incómodos pra labourar, a vida é carísima e, por si fora pouco, estamos padecendo un inverno durísimo, incluso nevou na nosa Terra como fai moitos anos que non o facía. En troques, o outro crima, o que máis nos intresa, é dabondo outimista, pois creo que se aveciñan algúns acontecementos que polo menos serán máis benignos que os pasados.

Por eiquí saudei a Villamarín, Blanco Amor e a Xosé Suárez, todos iles te relembra con verdadeiro agarimo. Hoxe escrébolle tamén a Núñez Búa.

Por unha nota de Fernández Ferreiro no ABC, sei que saíu O Cuco Rei. Non deixes de mandarme algún exemprar. Tamén sei que o Val-Capone segue facendo das súas, pois según me din no Centro Gallego, disolveuse a Comisión de Cultura pra entregarlle tudo a un sedicente Institut Argentino de Cultura Gallega que il mangoneará pra seguir facendo as falcatruadas inteleutales a que nos ten acostumbrados. ¡Vállame Deus, que idea terá ise tipo e os demais lampantís que o acompañan do que debe ser unha corporación dise xeito!

Si tes vagar, non deixes de comunicarme algunha novidade. En Madride, atopei a Laxeiro na rúa cando il iba a inaugurar a súa eisposición, quedou en chamarme por teléfono e non o fixo; eu non poden visitala, pois o día seguinte partía pra Ourense. Xa sabrás que outivo o premio de Pontevedra co retrato que lle fixo a Martínez-Monge, sin decir de quen era, simplemente co pé de Retrato.

Ningunha outra cousa se me ocorre contarche. Aproveito iste intre pra desexarche na compañía da túa dona un Aninovo moi felís e froitífero, así como prá nosa benquerida Terra. Unha forte aperta do seu sinxelo e vello amigo.

A. Vilanova

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.